



—COMPROMETIDOS CO  
TEU FUTURO E O DE GALICIA—



## Entrevistas



**Eva Verdejo**  
RESPONSABLE DE  
SOSTENIBILIDAD  
Y VALORIZACIÓN  
INDUSTRIAL DE  
AIMPLAS

**"Los plásticos son uno de los materiales estratégicos sobre los que se debe trabajar"**

[Ler máis...](#)



**Patricia Fernández**  
DIRECTORA TÉCNICA  
DA ESCOLA GALEGA  
DO CONSUMO

**"O consumo responsable é consumir de xeito consciente, crítico e informado"**

[Ler máis...](#)

## Editorial



**Javier Domínguez**  
PRESIDENTE DE SOGAMA

**"En tránsito cara á economía circular"**

[Ler máis...](#)

## Mundo SOGAMA

**"Sogama situarase en 2019 á cabeza das infraestruturas industriais de tratamento de residuos"**

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destacou na súa visita ao complexo medioambiental de Sogama en Cerceda que este será o máis eficiente e con maior capacidade do mundo cando remate a súa ampliación.



[Ler máis...](#)

## Actualidade

**Sogama: complementando sistemas na economía circular**

Domínguez Lino defende en Murcia a importancia da sostiabilidade

Presentación do proxecto de cooperación transfronteiriza Interreg España-Portugal "Res2Valhum"

Distinción de honra a José Manuel Pallas

[Ler máis...](#)

## Multimedia

Videoconto: os espazos comúns son de todos



#Respiralvida, a campaña da ONU por un aire máis limpo

Lila, a cadela ecoloxista

[Ver máis...](#)

## Eventos

Valorización enerxética e economía circular, Bilbao setembro 2018

Aumenta a reciclaxe de vidro en Galicia

Incremento da reciclaxe de envases domésticos en España

Semana Verde 2018 na UE

A maior recuperación de roupa fóra de uso en Galicia

Atlas mundial de sopas de plástico

[Máis eventos...](#)

## Receitario



**Que comes hoxe?**

Pastel da pataca ao curry  
Unha opción vegana con toque oriental

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



[www.sogama.gal](http://www.sogama.gal)



# Editorial



## “En tránsito cara á economía circular”

O 11 de outubro de 2017 abríase unha nova etapa na historia do complexo medioambiental de Sogama en Cerceda. Nun acto presidido pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, a empresa galega Valtalia, adxudicataria dos traballos de ampliación desta infraestrutura, en estreita coordinación co equipo técnico de Sogama, poñía a maquinaria a funcionar para dar forma a un innovador e vangardista proxecto de enxeñería que hoxe xa se converteu en realidade grazas ao empeño e bo facer de moitas persoas, e á confianza depositada por moitas outras.

Malia as inclemencias meteorolóxicas dos primeiros meses deste ano, a obra foi concluída en prazo, respondendo de forma óptima aos requisitos contemplados no contrato. Tras este primeiro elo, atopámonos inmersos xa nun período de probas, que abarcará unhas 14 semanas, a través do cal verificarase o correcto funcionamento dos equipos que conforman esta instalación, así como a efectividade dunha tecnoloxía punteira que ten unha función concreta: recuperar e poñer en valor.

Máis dunha trintena de lectores ópticos combinados con outros sistemas de selección automáticos garantirán que os envases contidos no lixo convencional entren no circuíto da reciclaxe e cobren unha nova vida na industria transformadora, evitando desta forma o consumo de materias primas virxes e preservando os xa escasos recursos naturais.

Pero máis aló da reciclaxe, esta nova planta, que se atopará a pleno rendemento a finais deste ano e cuxa operativa complementarase coa remodelación da

actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible, contribuirá en boa medida a reducir o vertido, en plena sintonía coas directrices europeas na materia. E como mostra, o posicionamento do Consello Europeo, que avoga por reforzar a xestión xerarquizada dos residuos (prever, reducir, preparar para reutilizar, reciclar e valorizar enerxeticamente a fracción non reciclable) e minimizar o uso do vertedoiro, limitándoo ao 10% no ano 2035. Unha porcentaxe que Sogama alcanzará en breve, facendo posible que Galicia, en contraposición con ese 57% de vertido que como media asola a España, poida liderar o ránking de comunidades que menos refugallos verte.

Sogama creouse en 1992 cunha función clara: eliminar os vertedoiros municipais e puntos de vertido ilegal que poñían en risco a saúde ambiental da nosa terra. Tras posibilitar a súa clausura, así como a rexeneración do espazo degradado, contraeu novos votos: chegar ao vertido técnico cero, é dicir, que só se leve a vertedoiro a fracción de residuos que non se poida reciclar nin valorizar material ou enerxeticamente. Culminada a ampliación do complexo, este propósito, que para outros modelos resulta inviable debido á súa configuración, será perfectamente constatable en Sogama.

Respondemos con feitos aos nosos compromisos, e facémolo desde a máxima transparencia e coas maiores garantías. Móvenos dispensar o mellor servizo público e velar polo benestar dos galegos a través do coidado do medio ambiente. E sabemos que isto só é alcanzable se traballamos baixo o paraguas da sustentabilidade. Recuperar máis e verter menos fará posible o noso tránsito cara á economía circular. ●

**Presidente de Sogama**

Javier Domínguez Lino

[Editorial en castelán](#)



## Entrevistamos a...



Eva Verdejo

Responsable del departamento de Sostenibilidad y Valorización Industrial de AIMPLAS

### *"Los materiales plásticos son uno de los materiales estratégicos sobre los que se debe trabajar"*

Los plásticos son materiales poco conocidos por la sociedad, a pesar de las campañas en contra de su uso en los medios en los últimos tiempos. Eva Verdejo señala que han contribuido al avance de la sociedad y a grandes logros ambientales. Sin embargo, es necesario implicar tanto a los ciudadanos como a la industria y la administración en un consumo responsable y una gestión adecuada de los residuos, para alcanzar la sostenibilidad. Desde AIMPLAS apuestan por la economía circular en el tratamiento de los plásticos y por difundir las bondades de este material.

#### **AIMPLAS, Instituto Tecnológico del Plástico, constituye hoy toda una autoridad en el ámbito de la innovación ambiental. ¿Hacia dónde está orientando sus proyectos y con qué objetivos?**

Los proyectos desarrollados por AIMPLAS están alineados con la economía circular. Se dirigen hacia materiales más sostenibles, procesos más eficientes y a la mejora del reciclado de los residuos plásticos y otros procesos de valorización complementarias. Con respecto a materiales más sostenibles, estamos trabajando en la obtención de materiales poliméricos y de aditivos a partir de diferentes residuos agrícolas y agroalimentarios entre otros. También estamos mejorando las propiedades y características de los materiales reciclados y buscando aplicaciones de mayor valor añadido para los mismos. Asimismo, otros materiales muy interesantes son los plásticos compostables que mejoramos

para su mejor aplicación haciéndolos más resistentes a la temperatura, o mejorando sus propiedades como permeabilidad, lo que hace posible que amplíen su campo de aplicación. Si hablamos de procesos, AIMPLAS trabaja para aumentar su eficiencia, para obtener una mejor producción con un menor consumo energético, reduciendo tiempos de ciclo, disminuyendo las etapas y obteniendo productos con mejores características. Un punto clave, con respecto a la economía circular es el propio concepto de residuo como recurso. En este sentido, AIMPLAS desarrolla procesos de reciclado que producen materiales plásticos reciclados de alta calidad para las mejores aplicaciones. Además, también trabaja en procesos de valorización complementarios al propio reciclado mecánico, como son por ejemplo los procesos de reciclado químico para obtener a partir de residuos plásticos, monómeros, oligómeros

o disolventes, entre otros; es decir productos de valor para la industria.

#### **Últimamente da la sensación de que todos los males medioambientales emanan del plástico y, desde determinados ámbitos, se está demonizando un material que, a decir verdad, ha hecho mucho por la humanidad. ¿Es posible un plástico sostenible?**

Los materiales plásticos han sido y son materiales que han permitido grandes avances, entre los que se encuentran grandes logros ambientales. Sin ellos, no se podrían tener aislantes tan efectivos que permitan un ahorro energético tan elevado o no se podrían tener automóviles con menores emisiones, ya que suponen un aligeramiento importante de su peso, incrementando a la vez su seguridad. Sin embargo, hay que tener en cuenta que los plásticos, por su propio bajo precio y su gran versatilidad técnica

## Entrevistamos a...

*"Los plásticos, por su bajo precio y su gran versatilidad técnica han supuesto el abaratamiento de un gran número de productos, lo que ha facilitado un alto consumo de los mismos."*



Proceso de compostaje.

han supuesto el abaratamiento de un gran número de productos, lo que ha facilitado un alto consumo de los mismos. Esta situación, unida a la propia generación de residuos plásticos que en ocasiones no se gestionan adecuadamente y que acaban abandonados en el medio, han dado lugar a una situación inaceptable. Es por ello que hay que seguir trabajando por un consumo responsable, un desarrollo de productos ecodiseñados y por una gestión adecuada de los residuos, entre otros aspectos. Para conseguirlo es clave la participación activa de la industria, la administración y la ciudadanía. Si se trabaja de forma coordinada y alineada, se obtendrán grandes resultados.

En este sentido desde la industria, podemos hablar de materiales plásticos sostenibles que presentan menores impactos ambientales que los más tradicionales, como los derivados de residuos agrícolas o agroindustriales o materiales plásticos reciclados, entre otros. Es importante evaluar cuál es el mejor material para cada aplicación, analizando todos los productos bajo un enfoque de ciclo de vida global y, en general, desarrollando los productos desde su ecodiseño.

**#NoCulpesAlPlástico es una campaña en la que participa AIMPLAS, junto con otras entidades del sector, y a través de la cual se proporcionan datos reales y contrastados sobre las bondades y buenas prácticas vinculadas al plástico. Háblenos de esta iniciativa.**

Se trata de una iniciativa del sector que pretende dar una visibilidad al plástico, mostrando sus bondades, pero también los problemas relacionados con una inadecuada gestión. Por esta razón, es importante concienciar de la relevancia de una correcta gestión

de sus residuos para así aprovechar su valor, transformándolos en recursos y estando en línea con la economía circular y la estrategia de plásticos que propugna la Unión Europea. Se ha comenzado con un decálogo sobre las verdades y buenas prácticas necesarias para hacer un buen uso de los plásticos, especialmente destinado a los ciudadanos. Pero también se va a desarrollar uno destinado a la administración y otro a la industria. Los ciudadanos, la administración y la industria son las tres patas sobre las que se tiene que trabajar para alcanzar una verdadera sostenibilidad y el plástico debe formar parte de la misma.

*"Es importante concienciar de la relevancia de una correcta gestión de sus residuos para así aprovechar su valor, transformándolos en recursos y estando en línea con la economía circular."*

**¿Qué valoración hacen de la Estrategia Europea de Plásticos aprobada a principios de año?**

Los materiales plásticos son uno de los materiales estratégicos sobre los que se debe trabajar; esto es lógico por la gran extensión de su uso, en todos los sectores, por su gran consumo y porque es uno de los materiales que se encuentran, lamentablemente en la basura marina, uno de los grandes problemas ambientales actuales que deben y pueden resolverse.

Creemos, en este sentido, que es muy positiva la estrategia publicada. Se trata de una visión global orientada a la consecución de la circularidad y en general a una eficiencia en el uso de recursos, además de una promoción de acciones encaminadas a reducir el abandono de residuos en el entorno, a incrementar la reutilización y el reciclado. Además, es una estrategia que impulsa la innovación por lo que esperamos que haya un importante desarrollo en el ámbito de los plásticos en los próximos años.

**Participan también en un proyecto, Repesca-Plas, en el que se incluyen, entre otras actividades, la recogida de residuos en los puertos de Valencia y Vigo. ¿Cómo se está canalizando esta acción?**

Repesca-Plas "Valorización material de residuos plásticos recuperador del mar: caracterización, aplicaciones y desarrollo de producto" es un proyecto financiado por la Fundación Biodiversidad en el marco del programa PLEAMAR del Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

Se trata de un proyecto demostrativo y de investigación que recoge basura marina durante las actividades de pesca de las cofradías de Gandía y Vigo. De esta basura, se separa la parte plástica que es identificada según el propio producto y por el material plástico del que está fabricado. Luego se analiza por un lado la ecotoxicidad que presenta para conocer la influencia de esta fracción sobre el medio ambiente y el sector pesquero, y por otro lado se analiza la potencial valorización de estos residuos para obtener nuevos productos plásticos. El proyecto además aporta datos al programa oficial de seguimiento de basuras del Ministerio.



## Entrevistamos a...

**Para saber un poco más sobre AIMPLAS, cuéntenos cómo se estructura, qué servicios presta, en qué ámbitos trabaja y cuál es su hoja de ruta.**

AIMPLAS es un centro tecnológico que cuenta con más de 25 años de experiencia ofreciendo soluciones a las empresas del sector del plástico: desde fabricantes de materia prima a transformadores y usuarios finales, aportando valor a la sociedad para mejorar la calidad de vida y asegurar la sostenibilidad medioambiental. Para ello contamos con una plantilla de más de 136 profesionales y desarrollamos soluciones integrales y personalizadas a través de la coordinación y ejecución de servicios como proyectos de I+D+i, análisis y ensayos, asesoramiento técnico, inteligencia competitiva y formación. Actualmente disponemos de 9.500 m<sup>2</sup> de instalaciones que incluyen más de 20 plantas piloto con diferentes procesos de transformación de materiales plásticos y laboratorios



Instalaciones de AIMPLAS en Paterna (Valencia).

acreditados internacionalmente según la norma ISO 17025. Durante 2017 hemos obtenido más de 19,2 millones de euros para la financiación directa de las actividades de I+D+i de las 367 empresas que participaron en un total de 145 proyectos con nosotros.

En este sentido, se han llevado a cabo tanto proyectos que han permitido desarrollar nuevos materiales y procesos más eficientes, como nuevos productos que daban respuesta a necesidades de la industria y la sociedad. ●

## PERFIL PROFESIONAL

Eva Verdejo es responsable del departamento de Sostenibilidad y Valorización Industrial de AIMPLAS, Instituto Tecnológico del Plástico.

Se licenció en Ciencias Químicas por la Universidad de Valencia. Cuenta con 25 años de experiencia en el campo de los materiales plásticos, análisis, medio ambiente, reciclado y otras valorizaciones complementarias.

Durante este tiempo ha sido asesora de empresas y ha participado en numerosos proyectos tanto en España como a nivel europeo. Además, ha publicado abundantes artículos técnico científicos y material divulgativo.

Eva Verdejo ha trabajado como consultora en Ingeniería y Gestión Ambiental por la Escuela de Organización Industrial de Madrid y ha realizado una estancia de alta especialización en reciclado de materiales plásticos en Fraunhofer-IVV (Freising, Alemania).

Desde hace 19 años desempeña su trabajo en el ámbito de la sostenibilidad y la valorización de residuos. Desde 2017 es presidenta del CTN53/SC 8. Plásticos y Caucho. Reciclado de Plásticos.



## Entrevistamos a...



Patricia Fernández

Directora técnica da  
Escola Galega  
do Consumo

### *"O consumo responsable é consumir de xeito consciente, crítico e informado"*

A Escola Galega do Consumo naceu en 2005 para dar a coñecer aos consumidores tanto os seus dereitos como os seus deberes, concienciando da importancia do consumo responsable. Con ese obxectivo leva a cabo un abanico moi amplo de actividades divulgativas e formativas, que inclúen obradoiros, charlas,... cos colectivos de persoas consumidoras máis vulnerables, desde cativos, estudantes ata asociacións de adultos.

#### **Consumir de forma responsable constitúe unha das principais mensaxes que, a diario, reciben os cidadáns a través de diferentes medios, pero ¿en que se traduce realmente o consumo responsable?**

Son moitas as cuestións das que se pode falar á hora de referirse ao "consumo responsable" pero, con carácter xeral, pode dicirse que consiste en consumir de xeito consciente, crítico e informado, sen deixarnos levar polos impulsos da publicidade e do marketing, adquirindo produtos e servizos que realmente respondan ás nosas necesidades reais, sen atender só ás ofertas e aos descontos, senón comparando a relación calidade-prezo. E tendo en conta tamén outros aspectos, como o impacto medioambiental ou o lugar de produción e/ou elaboración dos produtos que estamos a consumir. De aí a importancia do noso labor, darlle a coñecer á poboación os seus dereitos, pero tamén os seus deberes como persoas consumidoras.

**A Escola Galega do Consumo é a entidade pública de referencia na**

#### **nosa comunidade para formar ás persoas consumidoras nos seus dereitos. ¿Cómo leva a cabo o seu labor e como axuda á cidadanía?**

A Escola Galega do Consumo traballa tanto no ámbito da educación regrada, colaborando activamente coa Consellería de Educación, a través do Plan Proxecta, como no ámbito da educación non regrada, realizando cursos e actividades formativas con distintas entidades. É dicir, traballamos a educación para o consumo responsable tanto directamente nos centros educativos, en colaboración cos propios docentes, como dun xeito extracurricular, impartindo talleres e charlas formativas non só para o alumnado en idade escolar senón tamén para persoas adultas, sobre calquera tema de actualidade que nos afecte como persoas consumidoras, desde a explicación dos conceptos básicos da facturación eléctrica ata o etiquetado alimentario ou os servizos financeiros básicos.

**Fálenos da Escola ¿Como se configura, onde está emprazada, ...?**

*"Traballa tanto no ámbito da educación regrada, colaborando activamente coa Consellería de Educación, a través do Plan Proxecta, como no ámbito da educación non regrada, realizando cursos e actividades formativas con distintas entidades."*

A Escola Galega do Consumo (EGC) créase no ano 2005 como un instrumento para coordinar as actividades de educación e formación no eido do consumo. Está situada en Santiago de Compostela, na Avenida de Lugo, dentro das instalacións do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, organismo ao que pertence, formando



## Entrevistamos a...

parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A Escola Galega de Consumo conta con 3 aulas, especialmente equipadas para facer distintos talleres en función da actividade de que se trate.

Na aula de informática, equipada con dez ordenadores, realízanse os obradoiros de compras en internet, contratación de viaxes na rede, deseño de videoxogos ou a simulación dunha factura eléctrica, de xeito que o alumnado poida coñecer como navegar e facer compras na rede de forma segura.

A aula de publicidade está equipada con todos os medios técnicos precisos para traballar os contidos relacionados coa publicidade, elaborar un anuncio, analizar a publicidade ilícita e, en definitiva, comprender mellor a linguaxe publicitaria e os seus recursos. Por último, temos unha aula especial, que simula un supermercado real e na que se traballa a compra responsable, o etiquetado alimentario, a pirámide dos alimentos ou a publicidade no punto de venda, analizando as técnicas comerciais para incentivar o consumo, e aprender así a mercar dun xeito informado e crítico.

**A súa sede conta con aulas destinadas a traballar distintos ámbitos, pero levan a cabo igualmente actividades educativas fóra da mesma ¿En que consisten? ¿Cales son os seus obxectivos? ¿A que públicos están dirixidas?**

Efectivamente. Ademais das actividades nas nosas aulas, os nosos programas tamén poden desenvolverse fóra das nosas instalacións, para poder chegar deste xeito a todo o territorio da comunidade autónoma.

Con carácter xeral, na Escola Galega do Consumo desenvolvemos 4 programas diferentes.

Un de carácter permanente, que realizamos durante todo o curso escolar (desde setembro ata xuño). É o programa CORES (acrónimo de Consumo Responsable), no que impartimos charlas e obradoiros sobre distintas temáticas: alimentación e etiquetado, publicidade, xoguetes, comercio xusto, as TIC ou os dereitos e deberes das persoas consumidoras e usuarias e como facelos valer.

Ademais, temos tres programas estacionais, que se centran en tres épocas do ano na que o consumo se intensifica e se focaliza en certos produtos e servizos concretos: o programa Entroido coa EGC, centrado nos disfraces e produtos típicos do



Entroido; o programa LecerConsumo, sobre alternativas de lecer para a época do verán e, por último, o programa InfonadalConsumo, no que se explican consellos de compra na época do Nadal.

Ademais, como xa mencionei antes, en colaboración coa Consellería de Educación, participamos no Plan Proxecta, destinado a promover o traballo por proxectos nos centros educativos, con dous programas específicos: o concurso escolar, Consumópolis, e o programa Galiconsnet, no que pode participar alumnado de todas as etapas educativas. Os mellores traballos e proxectos de cada un destes programas reciben un premio ao remate do curso.

Tamén organizamos charlas e conferencias sobre distintos temas de actualidade que lle afectan ás persoas consumidoras (como a factura da luz, a telefonía móbil ou os servizos financeiros) e organizamos cursos de formación para o propio persoal de consumo e para os docentes da Consellería de Educación.

En resumo, traballamos con público de todas as idades, desde cativos de 3 anos ata persoas adultas, pero sempre que se trate de colectivos organizados, é dicir, asociacións de consumidores, fundacións, centros educativos, Anpas, concellos, etc. Ademais, as nosas actividades van especialmente dirixidas a aqueles colectivos de persoas consumidoras máis vulnerables, como poden ser as persoas maiores, con discapacidade ou en risco de exclusión social.

*"Organizamos charlas e conferencias sobre distintos temas de actualidade que lle afectan ás persoas consumidoras e cursos de formación para o propio persoal de Consumo."*



Aula de informática.

## Entrevistamos a...

**Consumir de forma responsable tamén implica xerar menos residuos que, en todo caso, constitúe o primeiro paso na xestión sostible dos mesmos. ¿Cales son os xestos ou prácticas que debemos adoptar para minimizar a cantidade de lixo que producimos cada día e diminuír así a nosa pegada ecolóxica?**

A prevención de residuos é un principio inherente e transversal na educación para o consumo responsable, xa que o mellor residuo é o que non se produce. Por iso, reflexionar antes de mercar calquera produto, pararnos a pensar se realmente o precisamos e se o que estamos a mercar é o que mellor se adapta ás nosas necesidades, e

reutilizar ao máximo os produtos para alongar a súa vida útil; son formas de contribuír á prevención de residuos. Nas nosas actividades explicamos que facer unha lista da compra, incorporando nela só o realmente necesario; diferenciar claramente a data de caducidade da de consumo preferente; levar a nosa propia bolsa ao supermercado; priorizar a adquisición de artigos a granel; rexeitar os sobreembalados e optar por aqueles que se comercializan en envases reutilizables, constitúen, entre outros, algúns xestos que poden axudar non só a diminuír a xeración de lixo senón tamén a economizar o noso presuposto. ●

*"A prevención de residuos é un principio inherente e transversal na educación para o consumo responsable, xa que o mellor residuo é o que non se produce."*

### PERFIL PROFESIONAL

Patricia Fernández López é a directora técnica da Escola Galega do Consumo. É licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionaria de carreira da Xunta de Galicia. Tras a súa experiencia acumulada no Instituto Galego do Consumo e da Competencia, desde o ano 2015 dirixe a Escola Galega do Consumo, tentando que a súa actividade formativa dea resposta ás necesidades reais das persoas consumidoras, incidindo naquelas problemáticas de maior actualidade.





# Mundo SOGAMA

## Sogama situarase en 2019 á cabeza das infraestruturas industriais de tratamento de residuos

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, na súa visita ás obras da nova planta de recuperación de envases na bolsa negra, salientou que, coa ampliación do complexo medioambiental de Sogama, enviaranse cada ano á industria recicladora da orde de 120.000 toneladas de materiais



Visita da conselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato á nova planta de Sogama en Cerceda.

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, destacou que o complexo medioambiental de Sogama en Cerceda será en 2019 a infraestrutura industrial de tratamento de residuos máis eficiente e con maior capacidade do mundo. Así o puxo de manifesto Mato durante unha visita ás obras de construción da nova planta na que se recuperarán os envases contidos no lixo en masa (na bolsa negra).

Tras rematar as obras o pasado mes de xuño, a instalación entra en período de probas, prevendo que estea operativa e a pleno rendemento a finais deste mesmo ano. A continuación iniciarase unha segunda fase que contemplará aremodelación da planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible. Unha vez esta chegue á súa fin, Sogama será un referente mundial da reciclaxe.

A conselleira indicou que o obxectivo é multiplicar por catro a cifra actual de reciclado, polo que, coa ampliación, tratarase o lixo doméstico de xeito máis eficiente e sostible, acadando a cifra de 120.000 toneladas de materiais que se enviarán aos centros recicladores. Ademais, subliñou que Sogama vai un paso por diante, xa que o complexo dará debido cumprimento ao gran obxectivo da Unión Europea de limitar o vertido a un máximo dun 10% no ano 2035, ao

considerar que o uso do vertedoiro debe ser a excepción e non a norma.

### Futuro circular

Beatriz Mato destacou que hoxe ninguén pon en dúbida que o modelo de produción lineal, baseado en extraer, fabricar, consumir e tirar, está caduco e que o futuro pasa pola economía circular, un modelo que prima o retorno, a renovación e o uso eficiente dos recursos.

Sinalou tamén que a Comunidade galega xa está a sentar as bases para a implantación real e efectiva da economía circular, grazas á Estratexia Galega de Economía Circular, que se atopa en redacción, e á Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, dúas ferramentas que serán a folia de ruta para que Galicia sexa unha comunidade referente e punteira neste eido. ●



# Actualidade

## Javier Domínguez abunda no carácter integral e complementario do modelo Sogama nunha xornada promovida pola Fegamp

A ampliación do complexo cercedense incrementará a súa capacidade nun 81%, pasando das 550.000 toneladas anuais a 1 millón

"Sogama: complementando sistemas na economía circular", así reza o título do relatorio que pronunciou o presidente da empresa pública, Javier Domínguez, nunha xornada que, promovida pola Fegamp, tivo lugar na Cidade da Cultura (Santiago de Compostela) para profundar nos retos e oportunidades da fracción orgánica dos residuos, sendo o persoal dos concellos o público destinatario.

Neste marco, o máximo responsable de Sogama detallou o cometido da entidade, así como a súa capacidade para contribuír a restaurar o medio ambiente galego tras un período, a década dos 90, no que o vertedoiro constituía a única saída para os residuos que diariamente se producían na nosa comunidade. Coa entrada en operación da compañía, participada pola Xunta de Galicia (51%) e Gas Natural Fenosa (49%), este preocupante escenario cambiou substancialmente grazas á instauración dun modelo de xestión global, pensado para atender as necesidades de toda Galicia; integral, baseado na aplicación do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) e complementado coa recuperación



Javier Domínguez, á esquerda, durante a xornada organizada pola Fegamp.

enerxética da fracción non reciclable; e solidario, a través da aplicación do mesmo canon a todos os seus clientes: os concellos.

### Máis reciclaxe, máis compostaxe e menos vertido

Tomando como referencia o modelo de desenvolvemento definido pola economía circular, Domínguez Lino deu a coñecer os pormenores da ampliación do complexo cercedense, unha actuación para a que se reservou unha partida de 29 millóns de euros e coa que se incrementará a súa capacidade nun 81%, pasando das 550.000 toneladas anuais a 1 millón. Un novo escenario que permitirá á compañía, se fose o caso, dar un óptimo tratamento a todos os residuos domésticos producidos

en Galicia, multiplicando por catro a súa achega á reciclaxe e diminuíndo a mínimos o vertido. No ano 2019, Sogama situarase na cima do ránking das empresas do sector máis grandes e eficientes de Europa e do mundo, mantendo o seu liderado en España.

Así mesmo, explicou o alcance da xa construída planta de compostaxe industrial e que se empraza no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa, téndose destinado á mesma un investimento de 2,5 millóns de euros. Con capacidade para 15.000 toneladas anuais, procesará a materia orgánica procedente da recollida selectiva municipal dos concellos máis próximos, prevendo obter cada ano entre 3.000 e 4.000 toneladas de compost de boa calidade. ●

## O presidente de Sogama defende en Murcia a complementariedade de sistemas na xestión de residuos

Domínguez Lino destacou a actividade da empresa pública no fomento da concienciación da poboación na xestión sostible dos residuos

Invitado pola Asociación de Empresas de Medio Ambiente da Rexión de Murcia, o presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, pronunciou unha conferencia na Cámara de Comercio da cidade para falar da actividade da empresa pública e a súa contribución á sustentabilidade.

A xornada congregou a altos cargos do ámbito público e privado de toda España, así como a expertos na materia. O obxectivo era abundar nas novas normas comunitarias en xestión de residuos e a necesidade de respectar

a orde xerárquica, relegando o uso do vertedoiro a último lugar polo seu negativo impacto ambiental.

### Os cidadáns, grandes aliados

Domínguez deu a coñecer os programas educativos da empresa para divulgar a súa actividade e contribuír á concienciación da poboación na xestión sostible dos residuos. Referiuse así ao programa de visitas ás instalacións polo que pasaron preto de 75.000 persoas; os cursos

online dirixidos a cargos técnicos e políticos dos concellos, así como a profesores e Forzas de Seguridade do Estado; a súa plataforma pedagóxica "Caderno Verde"; e o programa educativo "Recíclate con Sogama".

No transcurso da súa alocución manifestou sentirse orgulloso de que Sogama sexa capaz de complementar sistemas de tratamento para facer máis eficaz e eficiente a súa xestión, contribuíndo desta forma á verdadeira economía circular. ●



Domínguez Lino durante a súa intervención na Cámara de Comercio de Murcia.



## A ampliación de Sogama oríentase cara á valorización material dos residuos

García Téllez presentou os principios de actuación da compañía durante a presentación do proxecto de cooperación transfronteiriza Interreg España-Portugal "Res2Valhum" en Braga, así como na cuarta edición do Foro ABANCA Responsable



Isidro García Téllez durante o seminario que tivo lugar en Braga.

O director xeral de Sogama, Isidro García Téllez, desprazouse recentemente a Braga (Portugal) para participar no seminario de presentación do proxecto de cooperación transfronteiriza Interreg España-Portugal "Res2Valhum", no que participa a entidade pública en calidade de socio.

O evento, celebrado na sede da Universidade do Minho, líder do proxecto, contou coa presenza de altos cargos das distintas empresas asociadas ao mesmo (CVR, LIPOR e BRAVAL, por Portugal; e CVAN, SOGAMA e a Universidade de Santiago de Compostela, por Galicia). O obxectivo desta iniciativa é poñer en valor a materia orgánica a través da compostaxe e as súas aplicacións, evitando desta forma o vertido e propiciando o máximo aproveitamento dos recursos, conforme ao modelo

de desenvolvemento definido pola economía circular.

Tras realizar unha introdución ao cometido de Sogama e ás principais características da Sociedade, García Téllez abundou nos proxectos que a compañía está a acometer para mellorar a súa operativa, dotándoa de maior eficiencia, e alcanzar con isto dous importantes retos: incrementar a reciclaxe e reducir o vertido.

### Foro ABANCA Responsable

No marco do IV Foro ABANCA Responsable, celebrado o pasado 25 de maio no Pazo de Lías (Oleiros, A Coruña) para profundar no concepto de economía circular, o director xeral de Sogama, Isidro García Téllez, deu a coñecer a actividade que a compañía está a levar a cabo na materia, sendo

a súa principal misión "converter os residuos en recursos".

Con tal fin, esta entidade pública despregou un ambicioso plan de acción no que se aglutinan diversos proxectos unidos por un obxectivo común: poñer en valor os refugallos e recuperar o potencial que os mesmos albergan, ben desde a dimensión material ou ben, no caso da fracción non reciclable, desde a enerxética.

Os participantes coincidiron en sinalar que o camiño cara o futuro debe estar definido pola economía circular, toda vez que esta permitirá repensar os modelos de produción e consumo, propiciará a configuración de negocios rendibles, así como a creación de novos postos de traballo. En todo caso, urxe abandonar o modelo lineal de usar e tirar e avanzar cara un circular que vele pola protección dos xa escasos e limitados recursos naturais. ●



José Manuel Pallas recolle a Mención Honorífica.

## José Manuel Pallas recibe unha distinción de honra polo seu labor ao fronte da Coordinación de Seguridade de Sogama

O recoñecemento público tivo lugar no marco dun acto oficial desenvolvido na sede de Afundación na Coruña para conmemorar o Día Nacional da Seguridade Privada en Galicia

José Manuel Pallas Regueiro, técnico dos Servizos Xurídicos de Sogama e, á súa vez, coordinador de Seguridade desta Sociedade pública, foi distinguido pola Dirección Xeral da Policía Nacional, e con Mención Honorífica, polo seu encomiable labor en materia de seguridade e dedicación ao servizo, toda vez que vén colaborando de forma desinteresada con entidades tales como a Brigada Provincial de Seguridade Cidadá da Coruña e, máis

concretamente, a Unidade Territorial de Seguridade Privada.

O recoñecemento público tivo lugar no marco dun acto oficial desenvolvido na sede de Afundación na Coruña para conmemorar o Día Nacional da Seguridade Privada en Galicia no que estiveron presentes, entre outras autoridades, o entón delegado do Goberno en Galicia, Santiago Villanueva, o xefe superior de Policía na Comunidade, Manuel

Vázquez, e o xeral xefe da 15 Zona da Garda Civil, Ángel Alonso, así como os subdelegados do Goberno na Coruña e Pontevedra, ademais doutros representantes da sociedade civil.

Tamén foron entregadas mencións especiais ao director xeral de Interior e Emerxencias da Xunta de Galicia, Luís Menor, e ao representante de Aproser, José Ramiro Santos. ●

## Actualidade

### Sogama súmase ao primeiro congreso escolar "Aliméntate ben" con talleres e xogos sobre reciclaxe

O evento acolleu a participación de centos de escolares de 20 centros educativos galegos, tanto de educación primaria como de secundaria



Domínguez Lino durante a súa visita ao stand de Sogama.

Sogama estivo presente no I Congreso Escolar "Aliméntate ben", unha iniciativa enmarcada no Plan Proxecta da Xunta de Galicia e desenvolvida conxuntamente polas consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; de Sanidade; do Mar e do Medio Rural, así coma polo Instituto Galego de Consumo e da Competencia.

O evento, celebrado no Pazo de Congressos de Santiago de Compostela os días 3 e 4 de maio, acolleu a participación de centos de escolares de 20 centros educativos galegos, tanto de primaria como de secundaria, que deron a coñecer os seus proxectos e iniciativas en relación á alimentación equilibrada e os estilos de vida saudables. As

mellores experiencias optaron a un premio co que se recoñeceron as boas prácticas neste ámbito.

Con motivo deste encontro, a organización deseñou itinerarios concretos para os distintos colexios e institutos participantes, que se nutriron con distintas actividades a través das cales se propiciou un intercambio de coñecementos, amenizado con sesións lúdicas que fixeron desta cita unha experiencia única.

#### Evento de carácter singular

Durante a súa visita ao stand de Sogama, o máximo responsable da compañía, Javier Domínguez Lino, destacou o carácter singular deste evento que, co apoio do Goberno autonómico e a participación de

estudantes, profesores e familias, serviu para canalizar distintas mensaxes orientadas cara á necesidade de coidar a saúde e preservar a contorna.

O espazo de Sogama no congreso estivo atendido por educadores especializados que transmitiron aos visitantes a filosofía empresarial e o cometido da empresa pública no tratamento sostible dos residuos urbanos en Galicia. ●



Sesión plenaria durante o V Congreso Internacional de Medio Ambiente e Saúde.

### As cidades, epicentro da loita contra o cambio climático

Sogama participou no V Congreso Internacional de Medio Ambiente e Saúde cunha intervención sobre I+D+i, emprendemento verde e economía circular

Baixo o título "Transformando residuos en recursos", representantes de Sogama participaron no V Congreso Internacional de Medio Ambiente e Saúde que tivo lugar en Santiago de Compostela entre o 14 e o 16 de maio baixo a dirección do profesor Francisco Peña Castiñeira, á súa vez fundador e alma mater do Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020.

A intervención de Sogama enmarcouse na terceira sesión plenaria do evento, na que se abordou a contribución do mundo empresarial á

sustibilidade, facendo especial fincapé no I+D+i, así como no emprendemento verde e a economía circular.

Foi Luis Espada Recarey, doutor en Ciencias Químicas pola USC e en Química Aplicada pola Universidade de Manchester, ademais de profesor emérito e ex reitor da Universidade de Vigo, o encargado de coordinar a mesa de exposicións e debate na que, ademais de Sogama, participaron portavoces doutras compañías públicas do sector ambiental tales como Copasa, FCC e Formato Verde.

#### A realidade do cambio climático

A cita, que congregou a profesionais e expertos de alto nivel no sector, así como a 40 relatores de recoñecido prestixio no ámbito nacional e internacional, contou cun auditorio de 128 ambientalistas procedentes de distintos puntos de Europa.

A gran maioría dos científicos invitados a participar admitiron a realidade do cambio climático e as súas negativas consecuencias para o medio ambiente e a saúde, sendo o transporte rodado un dos principais focos de emisións de CO<sub>2</sub>. ●



## Actualidade

## Veciños da Coruña, Ourense, Marín, Baiona e Monforte de Lemos abordan con Sogama a redución do desperdicio alimentario

As charlas, impartidas por educadores ao servizo desta compañía pública, tiveron lugar no marco da campaña “Comer si, tirar non”, con motivo do Día Internacional da Reciclaxe

No marco da campaña “Comer si, tirar non”, lanzada por Sogama con motivo do Día Internacional da Reciclaxe a fin de aportar o seu gran de area na redución do desperdicio alimentario, educadores especializados ao servizo da entidade pública desprazáronse por varios municipios galegos (A Coruña, Ourense, Marín, Baiona e Monforte de Lemos) para impartir charlas informativas e formativas destinadas á veciñanza, proporcionando as claves para loitar contra un fenómeno que preocupa na Unión Europea dadas as súas negativas consecuencias desde numerosas fronteas.

E é que o desperdicio alimentario trae consigo un notable malgaste de recursos naturais (terra, auga, enerxía), emisións de CO<sub>2</sub> á



Imaxe dunha das charlas celebradas no marco da campaña “Comer si, tirar non”.

atmosfera, perdas económicas e, por suposto, un problema moral de primeira magnitude: tiramos ao lixo inxentes cantidades de comida cando millóns de persoas no mundo morren cada día de fame.

Reducir o desperdicio alimentario converteuse nunha das prioridades das novas normas comunitarias en materia de residuos e, en concreto, o Parlamento Europeo

ten proposto a diminución nun 30% do desperdicio de alimentos para 2025 e nun 50% para 2030.

Se ben é certo que se trata dun problema que ten lugar en toda a cadea alimentaria (cultivo da terra, recollida, transporte, distribución, comercialización), o fogar, cun 42%, constitúe un ámbito sobre o que se debe traballar de cara a instaurar prácticas sostibles de consumo. ●

## Unha vintena de familias de As Pontes fórmanse en vermicompostaxe

Para facilitar a tarefa aos veciños que decidiron formar parte desta iniciativa, dotóuselles cos medios materiais e didácticos necesarios



Un dos momentos da charla celebrada en As Pontes.

As 22 familias que participan no proxecto de vermicompostaxe posto en marcha polo Concello de As Pontes de García Rodríguez no seu termo municipal, e no que colabora Sogama, foron destinatarias dunha nova xornada formativa impartida pola firma ponteareá Ecocelta, especialista na fabricación de abonos ecolóxicos, co obxectivo de facer un seguimento do grao de implantación da técnica nos fogares e, sobre todo, solventar dúbidas e corrixir posibles erros por parte dos usuarios.

Este segundo encontro tivo lugar logo das dúas visitas que técnicos ao servizo do Concello realizaron en meses

pasados ás vivendas participantes para comprobar o desenvolvemento do proceso, enmarcado nun programa integral de compostaxe que o ente local decidiu acometer de forma pioneira da man de Sogama, e no que se combina a compostaxe doméstica coa vermicompostaxe.

Máis de medio centenar de vivendas participan nesta iniciativa, xunto con dous centros educativos, pretendendo a través da mesma contrastar os beneficios derivados da reciclaxe da materia orgánica en orixe, ben a través do sistema habitual de fermentación controlada en composteiro, ben a través do traballo efectuado por

lombrigas de terra, que inxiren os restos orgánicos e os excretan en forma de humus. En ambos casos, obtense un abono natural de alta calidade que vén substituír aos fertilizantes artificiais, poñendo de relevo as súas bondades nutritivas para o solo, á vez que o dota de maior esponxosidade e o protexe fronte a pragas e outras ameazas.

Para facilitar a tarefa aos veciños que decidiron formar parte desta iniciativa, proporcionáronse os medios materiais (composteiros e vermicomposteiros) e didácticos necesarios, ademais de cursos específicos de formación en ambas as dúas modalidades. ●

## Actualidade

## O colexio Divina Pastora de Ourense, gañador do concurso enmarcado no programa "Recíclate con Sogama" 2017 - 2018

A sexta edición do certame contou coa participación dun total de 22 centros de educación primaria de distintos puntos de Galicia

O colexio Divina Pastora de Ourense, co seu proxecto "Erre que erre coa ecoloxía", foi proclamado gañador do concurso correspondente ao programa "Recíclate con Sogama" 2017-2018, iniciativa que ten por obxecto introducir e desenvolver a reciclaxe nas aulas e que se enmarca á súa vez no Plan Proxecta da Xunta de Galicia, que persegue a educación en valores.

A designación foi realizada por un xurado liderado polo presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, e integrado por representantes da propia empresa pública e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O estudo de candidaturas, plasmadas a través das memorias nas que os centros recolleron as principais actividades realizadas durante o curso, centrouse na análise do grao de



Sogama dotou aos centros de illas de reciclaxe, así como de recursos didácticos e lúdicos.

cumprimento dos obxectivos e liñas estratéxicas do Plan Proxecta, así como nos criterios específicos relacionados co programa "Recíclate con Sogama", é dicir, calidade do material depositado nos distintos contedores de recollida selectiva que conforman as illas de reciclaxe e desenvolvemento de accións concretas orientadas a lograr a implicación das familias e os concellos na sostibilidade.

"Recíclate con Sogama" conclúe así a súa sexta edición, tendo participado no mesmo, durante o período 2017-2018, un total de 22 colexios de educación primaria de distintos puntos de Galicia. O obxectivo desta iniciativa é familiarizar aos pequenos coa recollida selectiva de residuos e adentralos na práctica diaria da redución, a separación dos mesmos e o correcto depósito do lixo nos contedores correspondentes. ●

## Máis de 800 alumnos de educación primaria de toda Galicia participan na clausura do programa Ecovoz

No transcurso da entrega dos premios aos gañadores da sección do concurso "O Ecopreguntoiro", Ecofotografía e Ecovídeo, Javier Domínguez felicitou a todos os escolares por ter demostrado ser os mellores embaixadores medioambientais

O parque acuático de Cerceda converteuse en punto de encontro para máis de 800 escolares procedentes de distintos puntos de Galicia que desembarcaron no mesmo cun dobre obxectivo: participar na gala de clausura da XIX edición do programa radiofónico Ecovoz, promovido por Radio Voz Galicia e patrocinado por Sogama, e estrear a nova tempada de baño.

A cita, na que foi enalzada a riqueza medioambiental da nosa terra e a

necesidade de preservala, contou coa presenza do presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, do director de La Voz de Galicia, Xosé Luis Vilela e do alcalde de Cerceda, José García Liñares, así como de profesores dos colexios que durante este curso académico participaron no concurso escolar "O Ecopreguntoiro" e, por suposto, dos centos de alumnos que non quixeron perder esta ocasión para gozar dun evento repleto de sorpresas, agasallos, entretemento e moita diversión.

Neste marco, procedeuse á entrega de galardóns a aqueles estudantes e centros que destacaron polo seu labor na defensa do medio ambiente, ao que contribuíron con distintos traballos. Así, o colexio La Merced de Sarria (Lugo) recibiu o primeiro premio na sección de "O Ecopreguntoiro" e o colexio Labarta Pose de Zas (A Coruña), na de Ecovídeos. Ademais, a alumna Erika Souto Baqueiro, do colexio A Lama (Pontevedra), foi distinguida pola mellor fotografía ambiental. ●



Participantes na clausura da XIX edición do programa radiofónico Ecovoz.



## O Consello Europeo da luz verde ás novas normas sobre xestión de residuos

Contémplase a recollida separada obrigatoria dos residuos domésticos perigosos a partir de 2022, dos residuos biolóxicos en 2023 e dos téxtis en 2025

O Consello da Unión Europea deu luz verde ás novas normas sobre xestión sostible de residuos propostas pola Comisión, e ratificadas no seu momento polo Parlamento Europeo, enmarcándose estas no paquete de economía circular presentado en decembro de 2015. O obxectivo é promover políticas de prevención a través das cales se evite e reduza a xeración de lixo, impulsando igualmente o seu reciclado e minimizando o vertido por considerarse a opción menos desexable debido as súas negativas consecuencias sobre a contorna e a saúde.

Refórzase así a xestión xerarquizada de residuos, esixindo aos Estados membros que adopten medidas específicas para dar prioridade á prevención e a redución (incluíndo aquí a diminución do desperdicio alimentario, así como o vertido de lixo ao mar), que en todo caso deben ter continuidade coa preparación para a reutilización, o reciclado e a valorización enerxética da fracción non reciclable, relegando o vertedoiro a último lugar.

### Incrementar a reciclaxe e reducir o vertido

As novas normas pretenden situar á UE á cabeza mundial en xestión de residuos municipais e para isto definíronse uns ambiciosos obxectivos de reciclado: 55% antes do ano 2025, 60% antes de 2030 e 65% antes de 2035.

Así mesmo, e máis aló da recollida selectiva do papel/cartón, vidro, metais e plásticos, contémplase a recollida separada obrigatoria dos residuos domésticos perigosos a partir de 2022, dos residuos biolóxicos en 2023 e dos téxtis en 2025. ●



Cubo de lixo.

No caso dos envases, as cifras son as seguintes:

	ANTES DE 2025	ANTES DE 2030
<b>TODOS OS ENVASES</b>	65%	70%
<b>PLÁSTICO</b>	50%	55%
<b>MADEIRA</b>	25%	30%
<b>METAIS FERROSOS</b>	70%	80%
<b>ALUMINIO</b>	50%	60%
<b>VIDRO</b>	70%	75%
<b>PAPEL E CARTÓN</b>	75%	85%

## Multimedia





### Os espazos comúns son de todos

Agora que, no verán, pasamos máis tempo fóra da casa e gozamos con máis intensidade dos parques, praias, montes... cada un de nós ten que coidar e manter limpos os espazos que compartimos entre todos. ●

[Mira aquí o ecoconto O Parque \(capítulo 36\)](#)

### #Respiralavida, a campaña da ONU por un aire máis limpo

Segundo a ONU, 9 de cada 10 persoas respiran aire que contén altos niveis contaminantes. Por iso lanzou a campaña **#RespiraLaVida**, na que propuxo aos cidadáns de todo o mundo un desafío: percorrer con medios de transporte limpos e respectuosos co medio ambiente 7 millóns de quilómetros durante o mes de maio. ●



### Lila, a cadela ecoloxista

Disciplinada e moi ben entrenada. Así é Lila, unha cadela labrador, que cada día se dedica a recoller residuos das costas de Florida. Comezou como un xogo de pesca co seu dono e agora xa é un membro máis da [Fundación 4Ocean](#). ●

[Mira aquí o vídeo](#)



## Eventos

### Valorización enerxética e economía circular danse a man en Bilbao

O Centro de Conferencias Euskalduna de Bilbao acollerá os próximos días 20 e 21 de setembro a novena edición do Congreso que promove **CEWEP** (Confederación Europea de Empresas de Valorización Enerxética), entidade á que está adscrita a Asociación Española **AEVERSU**.

No transcurso das dúas xornadas daranse a coñecer as principais novidades vinculadas a un sector, o da valorización enerxética, que demostrou ser o único capaz de pechar o círculo de aproveitamento dos residuos non reciclables, poñendo en valor a súa riqueza enerxética e impedindo o vertido dos mesmos, a opción menos desexable dado o seu negativo impacto sobre a contorna e a saúde pública.

O primeiro día abordaranse, entre outras, distintas temáticas vinculadas á lexislación vixente na materia, a capacidade de Europa para alcanzar os obxectivos establecidos en materia de residuos e as consecuencias da prohibición de China ás importacións de residuos, complementándose con algunhas de perfil máis técnico tales como as mellores tecnoloxías de valorización enerxética dispoñibles, o potencial da conversión de residuos en enerxía nos sistemas de calefacción

Programme and Registration coming soon

20-21st September 2018 Bilbao

9th CEWEP Waste-to-Energy Congress

urbana TBC, a captura de carbono a partir de residuos e o valor das cinzas resultantes do proceso.

Támén haberá un espazo para a comunicación, abordando unha cuestión de plena actualidade e interese como son as fake news sobre o sector da valorización enerxética e que correrá a cargo de Jeannine van de

Grootevheen, directora de marketing e municipalidades AVR, á súa vez presidenta do grupo de traballo de Comunicación de CEWEP.

O protagonismo do día 21 recaerá na planta de **Zabalgarbi**, toda vez que acollerá unha visita técnica dos participantes no evento, aos que dará a coñecer a súa operativa. ●

### Aumenta un 5,5% a reciclaxe de envases de vidro en Galicia

A recollida selectiva de vidro ascendeu en Galicia o pasado ano a 43.501 toneladas, un 5,5% máis que en 2016, o que vén a representar o maior incremento dos últimos cinco anos, segundo datos de **Ecovidrio**.

Co obxectivo de facilitar a participación dos cidadáns, aumentouse a dotación de contedores ata chegar a 1 por cada 177 habitantes, así como as actividades de concienciación a través de 16 iniciativas desenvolvidas en distintos escenarios (festivais, festas e feiras).

Dado que a hostalaría xera o 50% dos envases de vidro dun só uso que se poñen no mercado, reforzáronse as medidas orientadas a facilitar a colaboración do sector con visitas informativas e de sensibilización a 453 establecementos, a dotación de 450 cubos especiais e o incremento de servizos de recollida "porta a porta".

Grazas a estes maiores niveis de reciclado de vidro, a cidadanía contribuíu a evitar emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera, equivalentes a retirar 7.496 coches das estradas durante un ano. Así mesmo, permitiu aforrar enerxía e materias primas virxes. ●



[Volver á portada](#)

17

## Eventos

### Incremento da reciclaxe de envases domésticos en España

Tal e como informou Ecoembes con motivo do Día Internacional da Reciclaxe, celebrado o pasado 17 de maio, xornada na que dou a coñecer os seus resultados correspondentes a 2017, a reciclaxe de envases domésticos, con 1.399.582 toneladas, viuse incrementada o pasado ano nun 3,5% respecto de 2016, dato que corrobora a tendencia á alza na recuperación dos materiais depositados polos cidadáns nos contedores amarelos (envases de plástico, latas e briks) e azuis (envases de papel e cartón).

Así, e cunha taxa do 77,1%, os envases domésticos volven a liderar o ránking dos residuos urbanos máis reciclados en España, representando a cuarta parte do total.

O esforzo realizado trouxo consigo importantes beneficios ambientais en canto a aforro de materias primas, auga e enerxía. ●



### Semana Verde 2018: “Green cities for a greener future”



Do 21 ao 25 do pasado maio, a Unión Europea acolleu a Semana Verde 2018, que nesta ocasión bautizouse co lema “Green Cities for a Greener Future” (Cidades verdes para un futuro máis verde).

A través deste evento pretendeuse explorar as formas en que a UE está axudando ás cidades a converterse en

mellores lugares para vivir e traballar, promovendo para isto o intercambio de coñecementos e experiencias.

Entre as temáticas abordadas atópanse a redución da produción de residuos, as compras públicas intelixentes, a transición cara á economía circular, o turismo sostible,

a mobilidade urbana eficiente, a innovación, as vivendas de baixas emisións, así como a xestión sosteible da auga e a calidade do aire.

No marco desta cita, realizáronse 76 eventos en distintos puntos de Europa, tendo dous deles lugar en Galicia, concretamente na Coruña e Lugo. ●



## Eventos

### Chamada á maior recuperación de roupa fóra de uso en Galicia

A roupa usada é un dos residuos cunha porcentaxe de valorización máis alta. Con todo, apenas se recupera un 10% de todas as prendas que os galegos refugamos anualmente, o que significa que administracións, organizacións e cidadanía debemos redobrar os esforzos para lograr unha maior conciencia sobre a importancia de colocar o residuo téxtil no contedor axeitado para que poida ter unha segunda vida.

Humana Fundación Pueblo para Pueblo recordou, no Día Mundial da Reciclaxe, a importancia da reutilización para conseguir un planeta máis sostible. Como especialista en preparación para a reutilización, Humana xestiona as doazóns de roupa e calzado usado dos cidadáns co fin de obter o máximo aproveitamento do residuo téxtil, dándolle unha segunda vida e favorecendo con isto un modelo de economía circular.

En Galicia, Humana recuperou 1.922 toneladas de téxtil usado en 2017, o que confirma a fidelidade da cidadanía cara a un modelo de xestión con finalidade social. As prendas proceden dos 380 contedores verdes onde a cidadanía deposita a roupa, o calzado, os



complementos e o téxtil de fogar que xa non utiliza e aos que dá unha segunda vida. ●

### Atlas mundial de sopas de plástico

Con motivo da conferencia PolyTalk, que se celebrou na illa de Malta durante o pasado mes de abril, a directora da Plastic Soup Foundation (Fundación da Sopa de Plástico), María Westerbos, fixo entrega do primeiro exemplar do Atlas mundial de sopas de plástico ao Comisario Europeo de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, Karmenu Vella.

Os residuos de plástico e os microplásticos son un dos principais problemas ambientais nos océanos. Certas características físico-químicas dos plásticos están a ocasionar preocupantes prexuízos ao medio ambiente. Os plásticos non son solubles na auga e non se descompoñen. Con todo, debido á acción do sol e da auga, frágmenanse ata alcanzar tamaños practicamente imperceptibles pola vista. Deste xeito, infiltranse na cadea trófica mariña e chegan directamente ás nosas mesas. ●



## Novas normas para reducir os plásticos dun só uso

Ante o incesante incremento de lixo no mar, conformado maioritariamente por plásticos, a [Comisión Europea](#), no marco da Estratexia Europea sobre Plásticos, propuxo novas normas coas que pretende reducir o impacto dos dez plásticos dun só uso, centrando así a atención nos que, con maior frecuencia, se atopan en praias e mares, e que aglutinan o 70% de todos os residuos mariños, así como nas artes de pesca perdidas e abandonadas.

Con tal fin, prohibirase a comercialización de produtos plásticos dun só uso para os cales haxa alternativas viables, alcanzables e máis limpas. É o caso dos bastoncillos de algodón, os cubertos, os pratos, as pallas, os axitadores de bebidas e os palitos de globos de plástico.

Para os que non haxa alternativas sostibles, limitarase o seu uso mediante a redución do consumo a nivel nacional.

A normativa contempla igualmente a aplicación de requisitos de deseño e etiquetado, á vez que imporá obrigas de xestión e limpeza de residuos aos propios produtores. Neste marco, os Estados membros quedan obrigados a recoller o 90% das botellas de



bebidas de plástico dun só uso de aquí a 2025 e a aumentar a sensibilización dos consumidores na materia.

As propostas da Comisión elevaranse agora ao [Parlamento Europeo](#) e ao [Consello](#) para a súa adopción. O obxectivo destas medidas é facilitar a transición cara unha economía circular e a consecución dos [Obxectivos de Desenvolvemento Sostible](#) das Nacións Unidas. ●

## Máis de 60 países contra a contaminación por plásticos



Co motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, celebrado o pasado 5 de xuño, a [UNEP](#) divulgou un estudo no que analiza as políticas promovidas por varios Estados para facer fronte ao plástico dun só uso, destacando, entre outras, a aplicación de impostos e prohibicións gobernamentais.

Baixo a denominación "Plásticos dun só uso: unha folla de ruta para a sostibilidade", a publicación mostra

igualmente que a transición cara a un planeta libre de contaminación por plásticos é posible e rendible, e invita a todos os actores implicados a tomar cartas no asunto para avanzar cara a un futuro máis sostible.

A [ONU](#) advirte que, de continuar o actual patrón de consumo e produción, prevese que, para 2030, se produzan en todo o planeta 619 millóns de toneladas anuais de plástico,

constituindo os seus residuos unha grave ameaza.

Pola súa banda, o Secretario Xeral da ONU, António Guterres, animou a rexeitar o plástico descartable baixo a máxima de "Se non podes reusalo, rexéitao", recordando que cada ano vértense aos océanos 8 millóns de toneladas de plásticos, polo que urxe tomar cartas no asunto e modificar os nosos hábitos diarios. ●



## Eventos

### O envase do medicamento, un aliado da túa saúde

**SIGRE** lanzou recentemente a campaña "O envase do medicamento, un aliado da túa saúde" coa intención de concienciar á poboación sobre a importancia que ten a información recollida no envase do medicamento á hora de coidar a saúde e preservar o medio ambiente.

Deste xeito informa á poboación sobre o contido e significado dos símbolos e lendas comúns que aparecen nos envases de medicamentos. Así mesmo, pretende explicar como se presenta e estrutura a información contida nos seis apartados do prospecto, toda vez que este aglutina datos esenciais sobre a composición do medicamento e instrucións para a súa correcta administración, uso, conservación e eliminación final. ●



### Os Bolechas ensinan sobre o correcto uso do contedor amarelo



No seu afán de contribuír a un mundo mellor a través da xestión sostible dos residuos urbanos, **Os Bolechas** deleitan aos escolares galegos cun novo episodio plasmado nun libro infantil que, baixo o título "Que se bota no contedor amarelo", promove **Ecoembes**, en colaboración coa **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**.

Recordan que o contedor amarelo está destinado a acoller unicamente envases de plástico, latas e briks, nunca plásticos que non teñan a condición de envases ou envoltorios. Tamén insisten en que, facendo unha correcta segregación destes materiais no fogar, propiciárase a súa conversión en novos produtos a través da reciclaxe, contribuíndo con isto ao

aforro de enerxía e materias primas. Ademais, aconsellan que os envases estean baleiros e que se esmaguen para que ocupen o menor espazo posible no recipiente.

Non obstante, chaman a atención respecto dos envases de medicamentos, que teñen as súas propias vías de recuperación a través dos **puntos Sigre** habilitados nas farmacias. ●

## Máis de 10.700 heroes contra o lixo da natureza



O pasado 16 de xuño foi un día histórico para o medio ambiente. Máis de 10.700 voluntarios participaron na segunda edición da campaña "[1m² pola natureza](#)", promovida por [Ecoembes](#) e [SEO/BirdLife](#), para recoller lixo en enclaves naturais. Con isto pretendían aportar o seu gran de area na loita contra a basuraleza, termo co que se acuña o abandono de residuos na contorna natural.

O número de persoas implicadas nesta tarefa duplicou as contabilizadas na primeira edición, dato que vén a evidenciar a maior sensibilización ambiental da poboación e a súa activa implicación. Grazas a todos e cada un dos [#HéroesLIBERA](#), a iniciativa púidose desenvolver de forma simultánea en máis de 400 puntos do país.

No caso de Galicia, e co apoio do goberno autonómico, efectuáronse

recollidas en espazos de alto valor ecolóxico tales como diversas praias da Coruña, Pontevedra e Lugo, así como o río Arenteiro, en Ourense. Tamén se sumaron a esta iniciativa os [Ecovixiantes](#) do colexio ourensán Divina Pastora, un dos centros participantes no [programa "Recíclate con Sogama"](#) e gañador da edición 2017-2018 ●

## Os españois, os máis preocupados polo quentamento global

Os españois son os máis preocupados polo quentamento global. Así se deduce dunha enquisa de [Ipsos Global Advisor](#) realizada co motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, celebrado o pasado 5 de xuño, en 28 países.

A contaminación do aire, cun 35%, e a xestión dos residuos, cun 30%, constitúen os outros dos maiores problemas medioambientais para os cidadáns do noso país. Tamén nos preocupa o esgotamento dos recursos naturais e as emisións.

Respecto aos plásticos e envases non reciclables, 8 de cada 10 españois amósanse especialmente sensibles co negativo impacto que estes teñen para o medio ambiente. Consideran tamén que, como os supermercados e tendas son os sectores que máis empregan este tipo de plásticos, se lles aumente nestes casos os impostos. ●





## Eventos

### Efemérides ambientais

De que datas temos que acordarnos?

Día Mundial do Medio Ambiente (05/06/2018)

Día Mundial dos Océanos (08/06/2018)

Día Mundial da Tartaruga Mariña (16/06/2018)

#### Xuño

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5 Día Mundial do Medio Ambiente	6	7	8 Día Mundial dos Océanos	9	10
11	12	13	14	15	16 Día Mundial da Tartaruga Mariña	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

# Receitario

## Unha opción vegana con toque oriental

Moitas veces sobran patacas cando as cocemos con verduras, legumes ou facemos un caldo. Antes de tiralas é moito mellor aproveitalas e preparar unha receita apta para veganos, saudable e moi agradecida para os días de verán. É moi sinxela de elaborar e incluso podemos facela cos pequenos na casa. Esta proposta envíanosla o noso amigo Marcos Cuba. Se tedes algunha idea para "reciclar" as sobras das comidas, contádenolo en [Facebook](#) ou [Twitter](#).



### Pastel de pataca ao curry



#### Elaboración:

1. Collemos as patacas que sobraron de cocer coas verduras e esmagámolas para facer un puré seco (sen leite). Incorporamos manteiga e pementa. Reservamos.
2. Cortamos as cebolas moi picadiñas e as sofrimos lentamente na tixola cun pouco aceite. Engadimos xenxibre e allo picados.
3. Preparamos a mestura de especias e a panela nun bol aparte: curry, cilantro, garam masala, cúrcuma, mínimo 2 culleradas sopeiras de cada unha. Logo engadimos a panela.
4. Botamos nunha tixola un pouquiño de auga, como un tercio dun vaso, e despois toda a mestura de especias. Removemos constantemente ata que a auga se evapore e forme unha pasta.
5. Engadímoslle entón as espinacas picadas en anacos grandes, que soltarán auga e seguimos traballando a masa. Cando teña un aspecto un pouco homoxéneo podemos engadir os chícharos (poden ser de lata, frescos ou conxelados) e removemos.
6. Mesturamos esta masa co puré de pataca que tiñamos reservado.
7. Poñemos fariña en papel de aluminio, collemos unha bola de masa, esmagámola e facemos os pasteis. Rebozamos en fariña e a fritimos na tixola cun pouco de aceite durante 1 minuto por cada cara.



#### Presentación:

1. Podemos acompañar os pasteis con trigueiros salteados, con arroz e legumes ou algo fresco, como unha ensalada de tomate, que tamén lle vai moi ben.



#### Nivel de dificultade:

1

Fácil

2

Medio

3

Avanzado



#### Cantidades e ingredientes:

- Patacas sobrantes
- Manteiga
- Sal
- Pementa
- Aceite de oliva
- 2 chalotas (serve cebola normal ou vermella)
- Xenxibre
- Allo
- Curry
- Cilantro picado
- Garam Masala (2 culleradas sopeiras)
- Cúrcuma (2 culleradas sopeiras)
- Panela (serve azúcar integral de cana ou azúcar moreno) (1 cullerada sopeira)
- Espinacas
- Chícharos
- Fariña
- Auga



#### Onde vai que?



Restos de comida



Contedor xenérico ou composteiro

**Pero moito mellor que non sobre nada...Hai que loitar contra o desperdicio alimentario!**